

Para este fin, e logo do acordo co delegado do Goberno de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Estas normas seranlles de aplicación ás persoas traballadoras por conta allea que teñan a condición de electoras e non gocen do devandito día de descanso semanal previsto no artigo 37.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e a aquelas en que conorra a condición de membros de mesas electorais, interventores ou apoderados nas eleccións do 1 de marzo de 2009.

Artigo 2º

Para que as persoas traballadoras por conta allea poidan participar nas eleccións ao Parlamento de Galicia, que se levarán a cabo o día 1 de marzo de 2009, no suposto de que non gocen en tal data de descanso semanal, terán un permiso retribuído correspondente, consonte as seguintes prescricións:

a) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que non coincida co de apertura de mesas electorais, ou que coincida nun período inferior a dúas horas, non terán dereito a permiso retribuído.

b) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en dúas ou máis horas e menos de catro co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de dúas horas.

c) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en catro ou máis horas e menos de seis co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de tres horas.

d) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en seis ou máis horas co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de catro horas.

Cando o traballo se preste en xornada reducida, efectuarase a correspondente redución proporcional do permiso.

Correspóndelle ao/á empresario/a a distribución, consonte a organización do traballo, do período en que os traballadores e traballadoras disporán de permiso para acudir a votar.

Artigo 3º

No suposto de persoas traballadoras por conta allea que teñan previsto que na data da votación non se atopen na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poidan exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporán, no seu horario laboral, de ata catro horas libres, de igual maneira que o establecido no artigo anterior, para que poidan formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrición no censo, así como para efectuar a remisión do voto por correo.

Artigo 4º

As persoas traballadoras por conta allea nomeadas presidente ou vogal das mesas electorais e as que acrediten a súa condición de interventoras disporán, durante o día da votación, dun permiso retribuído de xornada completa, se non gozasen en tal data de descanso semanal, e terán dereito a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior, segundo os artigos 28.1º e 78.4º da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Se algún dos traballadores e traballadoras aos cales se refire o parágrafo anterior tivese que traballar na quenda de noite na data inmediatamente anterior ao día da votación, a empresa cambiaralle a quenda para que poida descansar esa noite.

Artigo 5º

As persoas traballadoras por conta allea que acrediten a súa condición de apoderadas, de acordo co previsto no artigo 76.4º da Lei orgánica do réxime electoral xeral, teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non gozan en tal data do descanso semanal.

Artigo 6º

Os/as empresarios/as poderán solicitar dos traballadores e traballadoras que exerzan os dereitos regulados nesta orde a certificación de voto ou, de ser o caso, a acreditación da mesa electoral.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2009.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

**CONSELLERÍA DE VIVENDA
E SOLO**

Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os danos causados en vivendas e instalacións complementarias polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

O Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro, regula unha serie de medidas para a reparación dos danos e perdas causados polo citado fenómeno meteorolóxico.

O artigo 6 do citado Decreto 13/2009 establece un réxime de axudas por danos causados en vivendas, e o artigo 12 establece que as citadas axudas se financiasen con cargo aos orzamentos das respectivas consellerías afectadas e a disposición derradeira

primeira faculta os distintos titulares dos departamentos autonómicos para que, no ámbito das súas competencias, diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento do citado decreto.

As axudas reguladas no devandito decreto rexeranse polo establecido nos artigos 19.4º e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de normas reguladoras de subvencións de Galicia, e polo establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos.

O citado decreto acóllese expresamente ao procedemento de concesión directa, por mor do interese público, social, económico e humanitario derivado das excepcionais circunstancias que concorren neste caso.

No entanto, por razóns de urxencia, estímase conveniente establecer unha convocatoria pública das axudas para sufragar os gastos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro en vivendas.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, e desenvolvida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e o Decreto 505/2005, do 22 de setembro, e de acordo co establecido da disposición derradeira primeira do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria dun procedemento de concesión das axudas en concorrencia non competitiva, establecidas polo Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, destinadas a sufragar os gastos, en vivendas e instalacións complementarias, causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro de 2009.

Artigo 2º.-*Persoas beneficiarias.*

Poderán solicitar as devanditas axudas as persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias das vivendas que sufrisen danos relacionados co temporal acaecido e que, cumprindo os requisitos establecidos nesta convocatoria, teñan que sufragar os gastos necesarios de reparación, ou de reposición no caso de que a persoa propietaria acredite a perda irrecuperable dalgún ben, de acordo co procedemento regulado nesta orde.

Artigo 3º.-*Natureza das axudas.*

1. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

2. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas neste decreto concederanse con carácter complementario, nos termos establecidos nesta orde e ata o límite máximo do valor do dano producido.

Artigo 4º.-*Actuacións subvencionables.*

1. Danos causados na vivenda que constituía a residencia habitual e permanente dos seus moradores: na parte non comprendida nas axudas que poidan aprobar outras administracións e outros sistemas de cobertura de danos, e polo importe correspondente ata poder cubrir o 100% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 100% do prezo máximo de venda dunha vivenda de protección autonómica de prezo xeral na mesma localidade.

2. Danos causados no resto das vivendas: na parte non comprendida nas axudas que poidan aprobar outras administracións e outros sistemas de cobertura de danos, a axuda poderá acadar ata o 40% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 40% do prezo máximo de venda dunha vivenda de protección autonómica de prezo xeral na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse, como mínimo, a residencia ocasional, quedando excluídas destas axudas as edificacións ruinosas ou que se atopasen en manifesto abandono.

3. Para os efectos destas axudas entenderanse por vivenda as construcións anexas, instalacións complementarias e elementos comúns no caso de comunidades de propietarios.

Entenderanse como instalacións complementarias as construcións e equipamentos de apoio á economía e vida familiar tales como pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións, etc. sempre e cando estean situados no mesmo predio da vivenda.

No mesmo senso entenderase como construción ou instalación complementaria o cerramento preexistente de peche do predio no que se atopa a vivenda.

A porcentaxe subvencionable destas construcións anexas ou instalacións complementarias será do 100% do valor de reparación ou reposición no caso de estar asociadas a vivenda habitual e do 40% do valor de reparación ou reposición no caso de estar asociadas a vivenda ocasional. En calquera caso, o importe máximo de axudas por este concepto non poderá ser superior a 3.000 euros.

4. Quedan expresamente excluídos destas axudas os posibles danos producidos en enxoval doméstico tales como, roupa, utensilios de cociña, mobiliario ou electrodomésticos.

Artigo 5º.-*Ámbito territorial.*

O ámbito territorial de aplicación desta orde é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º.-*Prazo de solicitude.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta orde no DOG.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

O procedemento iniciarase mediante solicitude da persoa interesada dirixida á delegación provincial da

Consellería de Vivenda e Solo que corresponda por situación da vivenda, seguindo o modelo que se recolle no anexo a esta orde, debidamente cuberto pola persoa solicitante. Presentaranse nas oficinas da delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda por razón da situación da vivenda ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Na solicitude describirá os danos producidos e o importe necesario para a súa reparación ou reposición, ademais de xuntar a documentación que se indica no modelo normalizado.

Estas solicitudes deberán ir xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou NIF do/a solicitante.

b) Título que acredite a condición de propietario/a, usufrutuário/a ou arrendatario/a da vivenda.

c) Certificado de residencia, de empadramento ou domicilio fiscal, así como calquera outro medio de proba que acredite o uso a que se destine a vivenda.

d) Fotografías que reflectan os danos.

e) Copia da póliza de seguro dos bens afectados ou, de non ter seguro, declaración xurada de que os bens para os que solicita as axudas non estaban asegurados.

f) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

Para o orzamento das obras terase en conta o catálogo de prezos de rehabilitación que será exposto e poderá descargarse da páxina web da Consellería de Vivenda e Solo e, así mesmo, estará dispoñible un exemplar para consulta nas delegacións provinciais e nos servizos centrais da Consellería de Vivenda e Solo. Para as partidas non contempladas teranse en conta os prezos da base de datos da construción de Galicia. Para as partidas neles non definidas determinaranse os rendementos por asimilación doutras partidas.

Artigo 8º.-*Procedemento de concesión.*

1. Unha vez recibidas as solicitudes, as delegacións provinciais da Consellería de Vivenda e Solo remitirán ao consorcio de compensación de seguros unha relación de persoas que solicitaron a subvención facendo constar o nome, apelidos e DNI, para os efectos de coñecer as posibles indemnizacións que as persoas interesadas puidesen recibir neste concepto.

2. Así mesmo, as delegacións provinciais da Consellería de Vivenda e Solo darán as instrucións necesarias para realizar a visita de inspección dos danos producidos. No caso de que a persoa afectada polos danos do temporal necesitase facer reparacións urxentes, poderá realizalas sempre que conserve fotografías e calquera outro documento que acredite o estado en que quedou a vivenda por causa do temporal dos días 23 e 24 de xaneiro. A citada documentación acreditativa dos danos será avaliada polo persoal técnico que realice a visita de inspección.

Unha vez realizada a visita de inspección o persoal técnico redactara un informe no que se recollan os danos subvencionables e o custo estimado da súa reparación ou reposición.

3. Á vista da solicitude das subvencións, da documentación presentada e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas o/a delegado/a provincial da Consellería de Vivenda e Solo elevará a proposta de resolución da subvención á persoa titular da Consellería de Vivenda e Solo.

O expediente de concesión conterá o informe do órgano instrutor en que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

4. A persoa titular da Consellería de Vivenda e Solo, á vista da proposta, e tendo en conta os recursos económicos dispoñibles resolverá o que segundo dereito proceda.

A citada resolución indicará necesariamente o prazo concedido para reparar os danos, que en ningún caso excederá dos cinco meses desde a data da súa notificación. Así mesmo, na resolución de concesión figurará a contía da subvención para a reparación dos citados danos.

As solicitudes de concesión poderanse ir resolvendo na medida en que se vaian presentando.

5. A resolución da conselleira pon fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderá ser recorrido directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, consonte co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-*Prazo máximo para resolver.*

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de nove meses, contados desde a data de recepción completa da solicitude. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Causas de denegación.*

Será motivo de denegación da subvención non cumprir algún dos requisitos exixidos na normativa que rexe estas subvencións.

Así mesmo, serán obxecto de denegación as solicitudes presentadas que queden sen cobertura orzamentaria.

O criterio que, de ser o caso, se utilizará para os efectos de determinar respecto a que expedientes se esgota o crédito é o recollido no artigo 74.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

co das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez esgotados os créditos procederá á correspondente publicación no DOG da citada circunstancia e á inadmisión das posteriores solicitudes.

Non obstante, esta consellería, de así o estimar, poderá ampliar o crédito previsto á vista das solicitudes presentadas, sen que supoña a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 11º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Logo da concesión da subvención, e unha vez realizado o gasto, a persoa solicitante deberá achegar, dentro do prazo concedido na resolución de concesión, as facturas acreditativas do aboamento dos importes investidos na reparación ou reposición dos danos sufridos.

Xunto coas facturas deberá presentar certificación de titularidade da conta bancaria en que se ingresarán as axudas que correspondan e unha declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

2. A persoa que teña a titularidade da delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo, á vista da documentación presentada, e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, elevará a proposta de pagamento á conselleira de Vivenda e Solo ou persoa en quen delegue.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta, a delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo requirirá a persoa beneficiaria para que no prazo improrrogable de dez días a presente para os efectos previstos neste capítulo.

Artigo 12º.-*Pagamento anticipado.*

Excepcionalmente, poderá aboarse un anticipo de ata o 50% da anualidade, para o caso en que o investimento exixa pagamentos inmediatos. O citado anticipo deberá ser solicitado expresamente pola persoa beneficiaria, quen motivará a mencionada necesidade. Unha vez revisada a solicitude de pagamento anticipado, a persoa que teña a titularidade da delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo fará a proposta de concesión ou denegación á conselleira de Vivenda e Solo, que resolverá motivadamente.

No caso de subvencións superiores a 18.000 euros, para realizar o pagamento anticipado deberá presentarse unha garantía de acordo co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a citada solicitude de anticipo empregárase o modelo do anexo II desta orde.

Artigo 13º.-*Compatibilidade.*

Esta subvención é compatible con outras formas de axuda que o beneficiario poida obter de calquera administración, entidade pública ou privada, sen que, en ningún caso, a suma das axudas percibidas poida superar o custo da actuación que se protexe.

Artigo 14º.-*Deber de colaboración. Reintegro das axudas.*

1. As persoas beneficiarias están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, sen prexuízo do establecido no artigo 9º desta orde.

3.- O incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención, ou a concurrencia de calquera das causas de reintegro determinadas polo artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, suporá ademais das sancións que puidesen corresponder, a obriga do reintegro por parte do beneficiario dos recursos achegados pola Consellería de Vivenda e Solo incrementados co xuro legal correspondente desde o seu aboamento, de acordo co procedemento establecido no capítulo I do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-*Publicidade.*

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas no devandito rexistro, así como as sancións impostas de ser o caso.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 16º.-*Crédito orzamentario e contía.*

O importe destinado ao financiamento destas axudas é de 500.000 € con cargo ao crédito que figure consignado para esta finalidade na aplicación 17.02.451A.780.4 do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
Dirección xeral de Fomento e Calidade da Vivenda

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA SUFRAGAR OS DANOS CAUSADOS EN VIVENDAS POLO TEMPORAL ACAECIDO EN GALICIA A PARTIR DO 23 DE XANEIRO DE 2009	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI441C	DOCUMENTO SOLICITUD
---	---	-------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS <input type="text"/>	NOME <input type="text"/>	DNI / NIF <input type="text"/>
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS <input type="text"/>		PARROQUIA <input type="text"/>
PROVINCIA <input type="text"/>	MUNICIPIO <input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO DE CONTACTO <input type="text"/>	

DATOS DA VIVENDA OBXECTO DA ACTUACIÓN

SITUACIÓN (RÚA, PRAZA) <input type="text"/>	PARROQUIA <input type="text"/>
PROVINCIA <input type="text"/>	MUNICIPIO <input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	

E na súa representación:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	CIF/NIF <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>	PARROQUIA <input type="text"/>
PROVINCIA <input type="text"/>	MUNICIPIO <input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>

EXPOÑO:

Que con data do o temporal provocou os danos na miña vivenda, construcións anexas e instalacións complementarias que aquí describo

O importe da reparación e reposición dos danos é de euros.

SOLICITO:

Que se realice unha visita de inspección polo persoal técnico designado co fin de que tome coñecemento dos danos e demais circunstancias relevantes, así como que me sexa concedida a axuda e os beneficios previstos.

AUTORIZO:

Á Consellería de Vivenda e Solo para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

DECLARO:

Que todos os datos que figuran neste impreso son certos.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro. Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os danos causados en vivendas e instalacións complementarias polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO <input type="text"/>
REVISADO E CONFORME <input type="text"/>

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA ____/____/____
DATA DE EFECTOS ____/____/____
DATA DE SAÍDA ____/____/____

Delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU DO NIF DO/A SOLICITANTE.
- TÍTULO QUE ACREDITE A CONDICIÓ DE PROPIETARIO/A, USUFRUTUARIO/A OU ARRENDATARIO/A DA VIVENDA.
- FOTOGRAFÍAS QUE REFLECTAN OS DANOS.
- COPIA DA PÓLIZA DE SEGURO DOS BENS AFECTADOS, OU DE NON TER SEGURO, DECLARACIÓN XURADA DE QUE OS BENS PARA OS QUE SOLICITA AS AXUDAS NON ESTABAN ASEGURADOS.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS, TANTO AS APROBADAS OU CONCEDIDAS COMO AS PENDENTES DE RESOLUCIÓN, PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.
- CERTIFICADO DE RESIDENCIA, DE EMPADROAMENTO OU DOMICILIO FISCAL, ASÍ COMO CALQUERA OUTRO MEDIO DE PROBA QUE ACREDITE O USO A QUE SE DESTINA A VIVENDA.

DATOS DO/A SOLICITANTE ADICIONAL

APELIDOS		NOME		DNI/NIF	
[]		[]		[]	
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS				PARROQUIA	
[]				[]	
PROVINCIA			MUNICIPIO		
[]			[]		
CÓDIGO POSTAL		TELÉFONO DE CONTACTO			
[]		[] [] [] [] []			

AUTORIZO:

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Consellería de Vivenda e Solo publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro deste decreto; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

(Sinatura do solicitante ou representante adicional)

Asdo.:

_____, de _____ de _____



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
Dirección xeral de Fomento e Calidade da Vivenda

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA SUFRAGAR OS DANOS CAUSADOS EN VIVENDAS POLO TEMPORAL ACAECIDO EN GALICIA A PARTIR DO 23 DE XANEIRO DE 2009	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI441C	DOCUMENTO SOLICITUDE DE ANTICIPO
---	---	--

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL			DNI/NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO	PARROQUIA	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E na súa representación:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL			DNI/NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO	PARROQUIA	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATA DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA DANOS DO TEMPORAL:

De acordo co establecido no artigo 12 da Orde do _____ de convocatoria de subvencións para sufragar os danos causados en vivendas polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro, solicito un anticipo excepcional do pagamento de €, que non supera o 50% da anualidade para o ano 2009 da subvención concedida.

A miña solicitude de anticipo excepcional está motivada na necesidade de facer pagamentos inmediatos polas seguintes causas:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro. Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os danos causados en vivendas e instalacións complementarias polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
REVISADO E CONFORME	

Delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en